



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO GRAO EN PEDAGOXÍA, GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL E MÁSTER UNIVERSITARIO EN IGUALDADE, XÉNERO E EDUCACIÓN.

(1) De conformidade co Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

(2) Antecedentes:

O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanzas impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas, e o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o dereito dos estudantes á realización de prácticas que poderán realizarse en entidades externas.

Os estatutos da USC establecen que poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos, para impartiren prácticas tuteladas externas.





A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece na súa disposición adicional segunda que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencias na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 29 de setembro de 2016 formalizouse coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido, por unha duración de catro anos dende a data da súa sinatura e, en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación. En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

(4) O convenio ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado do Grado de Pedagogía, do Grao en Educación Social e do Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación, nas instalacións da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e nas do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, así como aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, e a Universidade de Santiago de Compostela estiman oportuno asinar un convenio de colaboración coa finalidade de proporcionar, no ámbito das súas competencias, un maior acercamento entre o ámbito





laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral das/os universitarias/os mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acandando a mellor cualificación para a inserción no ámbito laboral.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é impulsar a prevención e a detección da violencia de xénero no entorno veciñal,

(6) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

